



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

VI 1979

Teño de faer unha grade
das polas dun limoeiro
aí vos ven o touro bravo
ir chamalo carniceiro.

VI 1178

Xa pasei o río a nado
piques de perdela vida
se eu che son o touro bravo
veño ver se andas salida.

- ... no servicio en Ferrol. E eran un mozo e unha moza, e os mozos do pueblo dil -esto é tan certo como volo digo- os mozos do pueblo dil tíñano, a aquel mozo, tíñano por moi desafiador, que sabía desafiar moi ben. E a moza que lle falaba el tamén se tiña tal, bueno. Entonces, eu paguei tres pesetas para pasar a lancha pra outro lado, que esto era en Mughardos, alí cerca de Ferrol, un pueblo que había alí, nunha... bueno. E fomos, bueno, estaba así de xente me cago en... Entonces ela estaba nun balcón, e el iba acompañados dos mozos do pueblo e entonces claro, ela estaba nun balcón e el iba pola carretera. E así que chegou a unha altura como de aquí ao camiño foi e saliu ela, saliu ela co seu tal. E dice:

Xa pasei o río a nado
piques perde-la vida
se eu che son o touro...

- No.

Teño de faer unha ghrade
das polas dun limoeiro
aí vos ven o touro bravo
ir chamar o carniceiro.

- Ela tamén xa o trataba do último.
- Tamén se lanzou.
- E entonces el saiu así moderadamente e dixo:

Xa pasei o río a nado
piques de perde-la vida
se eu che son o touro bravo
veño ver se andas salida.

- El contestoulle á súa vez tamén.